CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU **CÓDIGO 82**

Convocatoria ordinaria 2025
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a 1 e a 3, de 3 puntos; a 2 e a 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda, a terceira e a cuarta, con posibilidade de elección.

CONTEXTO

Como actividade para a materia de Historia da Música e da Danza ten que realizar Vde. unha **presentación** para o grupo de clase, na que explique un **xénero musical** histórico. Para isto deberá apoiarse en materiais documentais, como textos e imaxes que identifiquen o xénero e o contextualicen histórica, estilística e socialmente. Este é o texto e a imaxe que vai utilizar neste caso:

"Da forma en que se deben tocar estes concertos.

6. A primeira nota do *Concerto Grosso*, que soa desde o principio mesmo ou que, despois dalgunha pausa ou suspiro entra, ou cae, debe ser tocada forte por todo o conxunto e con gran decisión (a non ser que o prohiba o termo *piano*), e se esta nota se pasa por alto, ou ben queda timidamente expresada, fai perder a toda a harmonía todo o seu garbo e vólvea escura e confusa.

7. O *forte* e *piano* deben seguirse por todos desde a primeira nota en que estean sinalados, de tal forma que no *piano* apenas se oia e no *forte* se toque con tanta vehemencia que os espectadores queden como aparvados con tanto ruído.

8. En canto ao compás, á marxe das arias, debe imitarse ao máximo aos italianos, os cales no *adagio*, *grave* e *largo* van moito máis lentamente ca os nosos e de tal forma que resulta moi a miúdo inesperado, pero no *allegro*, *vivace*, *presto* etc. tocan todos con moita máis rapidez e vivacidade. E da puntual observancia do contraste entre a lentitude e a rapidez, da forza á tenrura e da plenitude do "concerto grosso" á delicadeza do concertino, como lle ocorre á vista co contraste do claro e do escuro, así lle pasa ao oído cando queda extasiado. Por moito que se diga que o bo é bo, nunca se dirá suficientemente.

9. Téñase coidado de que, en cada unha das partes igualmente para as violas medianas, non se introduzan intérpretes só vulgares ou frouxos, senón tamén algúns bos, e non hai que avergoñarse de incluír o bo nas devanditas partes antes que nas máis notables, en contra do costume perverso dalgúns orgullosos que se senten ofendidos se non se colocan cos violíns.

10. Nas *sonatas* que inician o concerto, nas *fugas* e *graves* afectuosos hase de manter ao máximo o estilo italiano; e nas *síncopes* ou *ligaduras* débese tocar máis ben *forte* e *staccato*, así na nota que inicia a ligadura, como a que na outra parte marca a disonancia, e aínda aquela que a resolva, antes que debilitala cun golpe de arco tímido e lánguido, cousa que os entendidos captan moi ben. Nas arias, a continuación, e nos ballets debe seguirse o estilo francés ou do defunto señor Lully en toda a súa pureza e non corrompido, para o cal no meu Florilegio Segundo ou Antoloxía Segunda dei unha gran cantidade de normas."

PREGUNTA 1. PERCEPCIÓN VISUAL E AUDITIVA / CONTEXTOS DE CREACIÓN. (3 puntos)

A partir do texto e da imaxe propostas, prepare un texto escrito no que explique o xénero escollido para a presentación. A estrutura do texto será como segue: unha introdución, onde defina o xénero; un comentario, onde sintetice dúas ideas principais que estean no texto e/ou relacionadas coa ilustración; unha conclusión, onde sitúe cronolóxica e xeograficamente o xénero tratado, relacionándoo con outros elementos do contexto histórico e social. Extensión máxima: 400 palabras (2 páxinas).

PREGUNTA 2. EXPERIMENTACIÓN ACTIVA. (2 puntos)

A presentación preparada anteriormente require ser seguida dunha audición que sirva como **exemplo musical**. Para isto pode utilizar unha obra que Vde. coñeza, ou ben pode escoller unha de entre estas tres: a) G. Rossini. *Largo al factotum*, da ópera O Barbeiro de Sevilla; b) A. Corelli: *Allegro*; 2º mov. do Concerto Grosso en F Major, Op. 6, No. 12; c) I. Albéniz. *El Albaicín*, da Suite Iberia (caderno 3º). Debe xustificar a súa elección, atendendo ao xénero, instrumentación, cronoloxía, función social, así como a calquera outro aspecto que considere pertinente.

PREGUNTA 3. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA E DIFUSIÓN. (3 puntos)

Unha vez realizadas varias presentacións na clase, a profesora propón varios temas que non foron tratados aínda. Os temas son os seguintes: a) A Primeira Escola de Viena; b) A ópera romántica; c) O nacionalismo musical en España.
A Vde. pídeselle que escolla un destes temas e seleccione **dúas obras musicais** para ilustrar ese tema. Xustifique a súa elección en 100-150 palabras (media páxina).

PREGUNTA 4. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA E DIFUSIÓN. (2 puntos)

Para completar as presentacións na clase, faise unha exposición con imaxes que ilustran algún aspecto da historia da danza.
Escolla unha de entre as dúas imaxes que seguen e conteste as preguntas que se fan sobre ela, debaixo da mesma.

4.1. Responda estes dous subapartados: (2 puntos)

4.1.1. Identifique a cronoloxía e o contexto histórico da imaxe.

4.1.2. Comente a función da danza nese contexto.

4.2. Responda estes dous subapartados: (2 puntos)

4.2.1. Identifique o tema da danza.

4.2.2. Sitúe cronolóxica e xeograficamente a orixe da danza e o seu contexto cultural e ritual.

CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU **CÓDIGO 82**

Convocatoria ordinaria 2025
HISTORIA DE LA MÚSICA Y DE LA DANZA

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la 1 y la 3, de 3 puntos; la 2 y la 4, de 2 puntos. La primera, con respuesta única abierta; la segunda, la tercera y la cuarta, con posibilidad de elección.

CONTEXTO

Como actividad para la materia de Historia de la Música y de la Danza tiene que realizar Vd. una **presentación** para el grupo de clase, en la que explique un **género musical** histórico. Para ello deberá apoyarse en materiales documentales, como textos e imágenes que identifiquen el género y lo contextualicen histórica, estilística y socialmente. Este es el texto y la imagen que va a utilizar en este caso:

"De la forma en que se deben tocar estos conciertos.

6. La primera nota del *Concerto Grosso*, que suena desde el principio mismo o que, después de alguna pausa o suspiro entra, o cae, debe ser tocada fuerte por todo el conjunto y con gran decisión (a no ser que lo prohíba el término *piano*), y si esta nota se pasa por alto, o bien queda tímidamente expresada, hace perder a toda la armonía todo su garbo y la vuelve oscura y confusa.

7. El *forte* y *piano* deben seguirse por todos desde la primera nota donde estén señalados, de tal forma que en el *piano* apenas se oiga y en el *forte* se toque con tanta vehemencia que los espectadores queden como entontecidos con tanto ruido.

8. En cuanto al compás, al margen de las arias, debe imitarse al máximo a los italianos, los cuales en el *adagio*, *grave* y *largo* van mucho más lentamente que los nuestros y de tal forma que resulta muy a menudo inesperado, pero en el *allegro*, *vivace*, *presto* etc. tocan todos con mucha más rapidez y vivacidad. Y de la puntual observancia del contraste entre la lentitud y la rapidez, de la fuerza a la ternura y de la plenitud del "concerto grosso" a la delicadeza del concertino, como le ocurre a la vista con el contraste del claro y del oscuro, así le pasa al oído cuando se queda extasiado. Por mucho que se diga que lo bueno es bueno, nunca se dirá suficientemente.

9. Téngase cuidado de que, en cada una de las partes igualmente para las violas medianas, no se introduzcan intérpretes solo vulgares o flojos, sino también algunos buenos, y no hay que avergonzarse de haber incluido lo bueno en dichas partes antes que en las más notables, en contra de la costumbre perversa de algunos orgullosos que se sienten ofendidos si no se les pone con los violines.

10. En las *sonatas* que inician el concierto, en *las* fugas y *graves* afectuosos se ha de mantener al máximo el estilo italiano; y en las *síncopas* o *ligaduras* se debe tocar más bien *forte* y *staccato*, así la nota que inicia la ligadura, como la que en la otra parte marca la disonancia, y aún aquella que la resuelva, antes que debilitarla con un golpe de arco tímido y lánguido, cosa que los entendidos captan muy bien. En las arias, a continuación, y en los ballets debe seguirse el estilo francés o del difunto señor Lully en toda su pureza y no corrompido, para lo cual en mi Florilegio Segundo o Antología Segunda he dado una gran cantidad de normas."

PREGUNTA 1. PERCEPCIÓN VISUAL Y AUDITIVA / CONTEXTOS DE CREACIÓN. (3 puntos)
A partir del texto y la imagen propuestas, prepare un texto escrito en el que explique el género escogido para la presentación. La estructura del texto será cómo sigue: una introducción, donde defina el género; un comentario, donde sintetice dos ideas principales que estén en el texto y/o relacionadas con la ilustración; una conclusión, donde sitúe cronológica y geográficamente, el género tratado, relacionándolo con otros elementos del contexto histórico y social. Extensión máxima: 400 palabras (2 páginas).

PREGUNTA 2. EXPERIMENTACIÓN ACTIVA. (2 puntos)
La presentación preparada anteriormente, requiere ser seguida de una audición que sirva como **ejemplo musical**. Para ello puede utilizar una obra que Vd. conozca, o bien puede escoger una de entre estas tres: a) G. Rossini. *Largo al factotum*, de la ópera El Barbero de Sevilla; b) A. Corelli: *Allegro*; 2º mov. del Concerto Grosso en F Major, Op. 6, No. 12; c) I. Albéniz. *El Albaicín*, de la Suite Iberia (cuaderno 3º). Debe justificar su elección, atendiendo al género, instrumentación, cronología, función social, así como a cualquier otro aspecto que considere pertinente.

PREGUNTA 3. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA Y DIFUSIÓN. (3 puntos)
Una vez realizadas varias presentaciones en la clase, la profesora propone varios temas que no fueron tratados aún. Los temas son los siguientes: a) La Primera Escuela de Viena; b) La ópera romántica; c) El nacionalismo musical en España. A Vd. se le pide que escoja uno de estos temas y seleccione **dos obras musicales** para ilustrar ese tema. Justifique su elección en 100-150 palabras (media página).

PREGUNTA 4. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA Y DIFUSIÓN. (2 puntos)
Para completar las presentaciones en la clase, se hace una exposición con imágenes que ilustran algún aspecto de la historia de la danza.
Escoja una de entre las dos imágenes que siguen, y conteste a las preguntas que se hacen sobre ella, debajo de la misma.

4.1. Responda estos dos subapartados: (2 puntos)
4.1.1. Identifique la cronología y el contexto histórico de la imagen.
4.1.2. Comente la función de la danza en ese contexto.

4.2. Responda estos dos subapartados: (2 puntos)
4.2.1. Identifique el tema de la danza.
4.2.2. Sitúe cronológica y geográficamente el origen de la danza y su contexto cultural y ritual.